

6*PRIMARIA

Lingua

Bo día peques! Que tal vai indo a semana??? :) Un pouquiño de galego?

Reflexión mañaneira: Ademais de escribila no caderno como de costume, podedes grabar como youtubeiros, que o outro día fixéchedo xenial, encantoume!!! :D Atrevédesme a mandarme vós mesmos unha oración para facernos reflexionar a semana que vén! Encantárame tamén ter as vosas propostas.

É increíble ver como hai tantas persoas que están avergoñadas do seu corpo e tan poucas que o están da súa mente.

O outro día botamos un vistazo do uso da H.

Lemos de novo o cadriño da páxina 124 ... lembrades que significan os prefixos con H que nos aparecen no cadro? hect- heimi- ...? Fíxeramos un xogo un día na clase cando traballamos os PREFIXOS, pero por se acaso non vos lembrades, aquí vos deixo un pequeno resumo. Lembrades que a maioría deles viñan do grego?? :)

hect- : oito. hectasilabo (oito sílabas)

hemi-: metade hemisferio (metade/media esfera)

hept-: sete heptasilabo (sete sílabas)

hexa-: seis hexágono (polígono de seis lados)

hidro-: auga hidromasaxe (masaxe "acuático" bañeira con chorros)

hiper-: grande hipermercado : supermercado moi grande

Ben agora... xa temos o exercicio 1 dominadísimo.

Imos facer os exercicios 1,2 da páxina 124 e o 4,5,6 da páxina 125. Ademais para rematar deberedes facer dúas oracións elaboradas coas palabras con H ou sen ela que máis vos

chamaran a atención ou das que descoñecerades o significado. O próximo día continuaremos practicando, hoxe non vos cargo máis así que, porfa, facédeos con coidado, sen escatimar en escritura, fixandnonos na ortografía e escritura.. vale?

E para rematar esta comprensión lectora:

- 1** Le o texto cunha pronuncia, cunha entoación e cun ritmo axeitados.

Reflexións dun náufrago

Comecei a reflexionar sobre as circunstancias en que me atopaba e decidín redactar o estado dos meus asuntos. Estaba tan abatido que, para tranquilizarme, probei a facer unha comparación escrita entre as cousas boas e as malas da miña situación.

Así o fixen:

COUSAS MALAS

Estou desterrado nunha illa horrible e desolada, sen ningunha esperanza de saír dela.

Estou apartado e separado de todo o mundo.

Estou desacougado, abandonado pola humanidade, no illamento máis completo.

Case non teño roupa coa que taparme.

Estou sen ningunha defensa nin medios para resistir calquera ataque de home ou de animal.

Non hai ninguén con quen poida conversar nin que me console.

COUSAS BOAS

Estou vivo, non coma o resto da tripulación.

Da mesma maneira que cheguei aquí, poida que atope maneira de saír.

Non morro de fame nin estou nun lugar sen recursos. A illa ten unha vexetación exuberante.

Atópome nun clima cálido no que, se tivese roupa, seríame imposible levala.

Atópome nunha illa onde non vexo besta salvaxe que me poida atacar, como ocorrería en África.

Conseguín coller do barco todo o que necesito para subsistir durante toda a miña vida.



O meu escrito fíxome ver que a miña situación tiña unha parte negativa e outra positiva que tiña que recoñecer e agradecer.

Despois de animar un pouco o meu corazón con esta visión optimista, deixei todo isto á parte e comecei a planear o meu propio sistema de vida.

Deste xeito, conseguiría que as cousas fosen máis doadas para min.

DANIEL DEFOE, *Robinson Crusoe* (adaptación)
Editorial Salvat

2 Que tipo de texto liches? Marca a opción correcta.

- ☐ Unha exposición de como é a vida das persoas que naufragan.
- ☐ Un diario dun personaxe que sobrevive a un naufraxio.
- ☐ Unhas instrucións para utilizar en caso de sufrir un naufraxio.

3 Relaciona cada palabra co seu significado. Se é preciso, consulta o dicionario.

- | | | |
|-------------|---|--|
| exuberante | • | • Abandonado, deserto, deshabitado. |
| desacougado | • | • Apartado do seu país e da súa xente. |
| desolado | • | • Moi abundante ou desenvolvido. |
| desterrado | • | • Inquieto, nervioso, sen tranquilidade. |

4 Contesta.

- Que consecuencias tivo o naufraxio para a tripulación do barco?

- O barco afundiou inmediatamente despois do naufraxio? Como o sabes?

- Por que escribe o náufrago a lista de cousas malas e boas?

- Que efecto lle produce facer esta reflexión? Por que?

5 Observa o lugar onde se desenvolve a historia e atopa nel tres erros en relación cos datos da lectura. Explica cada erro achegando unha oración do texto que o demostre.



- _____
- _____
- _____

6 Marca o final correcto de cada oración e completa as explicacións.

- O náufrago cre que...

☐ algún habitante da illa o axudará.

☐ ninguén o vai poder axudar.

Porque _____

- O náufrago calcula que...

☐ na illa non atopará alimentos.

☐ poderá atopar comida.

Porque _____

- O náufrago sente que...

☐ descansar lle fará recobrar forzas.

☐ a actividade o manterá optimista.

Porque _____

7 Forma catro parellas de palabras unindo cada un destes adxectivos da lectura co antónimo correspondente. Se é preciso, consulta o dicionario.

Adxectivos da lectura:

abatido doado exuberante optimista

Adxectivos antónimos:

escaso pesimista animado difícil

- _____ e _____
- _____ e _____
- _____ e _____
- _____ e _____

Moito ánimo!! :) Recordade que podeades mandarme as vosas preguntas, dúbidas e as fotiños dos exercicios a profeantiatrabada@gmail.com

Educación Física

Bo día chic@s! Continuamos o día cun pouquiño de movementooooo!!!!!!!

*Hoxe traigo 3 retos para facer en familia!! Se tedes irmáns pequenos podeades facelos con eles!
E senon anima aos vosos familiares a facelo con vós!*

PRRRRIMEIRO RETO: "velocidade a tope"

Para este xogo necesitas como mínimo dous participantes (recorda que ti xa contas como un!)

Debemos colocar en liña recta varios obstáculos. IMPORTANTE: Cada participante ten a súa fila de obstáculos.

Ao final da liña colocaremos 4 obxectos (peluches, calzado, pedras; o que se vos ocurra). É dicir, se somos dous participantes faremos dúas filas e colocaremos catro obxectos ao final de cada unha.

Á conta de 3 cada participante debe esquivar os seus obstáculos en cuadrupedia, coller un obxecto e volver con el en zig zag.

Como a Educación Física sempre foi de máis acción que palabras, deixovos un vídeo pra que entendades o funcionamento!

https://drive.google.com/file/d/1tEbNap6Xu-cFAnv_45FMr1b4swr90r6V/view?usp=drivesdk

SEEEGUNDO RETO: "saltamontes"

Para este xogo soamente necesiramos unha escoba. Unha persoa debe poñerse coa escoba no chan, movendo o mango. O xogador coelliño debe saltalo sen caer nin tropezar.

E como non, aquí tedes un vídeo:

<https://drive.google.com/file/d/1jcCSUecusYIX3od0mvLDxmfvrJ02RU0/view?usp=drivesdk>

TEEEERCEIRO RETO: "sígueme o ritmo"

Como observei que se vos deu moi ben convertir calquera artilluxio da casa nun instrumento... vamos a facer un pouquiño de... ritmo!!!

https://drive.google.com/file/d/1m8-AMIDRPuZLQ8TiSi30aHBc_TFQl3xi/view?usp=drivesdk

Recordade que podedes enviarme os exercicios que facedes e a vosa opinión sobre eles a:

profepaulatrabada@gmail.com